

“Mais ala da Directiva de servizos.”.

Fernando Varela Carid. Vocal del TGDC.

**Artículo publicado el domingo, 29 de marzo de 2009 en el suplemento
Mercados de “La Voz de Galicia”**

A Directiva 2006/123/CE relativa aos servizos no mercado interior da Unión Europea, mais coñecida como Directiva de Servizos, entrou en vigor o 28 de decembro de 2006, pero a súa transposición ao ordenamento interno español debe concluír o 28 de decembro de 2009. O obxectivo central desa Directiva é reducir as trabas regulatorias inxustificadas ou desproporcionadas que obstaculizan o acceso e o exercicio dunha actividade de prestación de servizos, coa meta final de reforzar o mercado interior e conseguir unha maior produtividade e competitividade da economía europea.

O sector de servizos en España, que representa máis do 66 por cento do PIB e da maos de obra ocupada, ven sendo fonte de numerosas prácticas restritivas da competencia e é o principal responsable do persistente diferencial de inflación que España mantén coa Unión Europea. Segundo estimacións do Ministerio de Facenda, a transposición da Directiva podería ocasionar un incremento do PIB do 1,21 por cento e, en tres anos, a creación duns 150.000 empregos novos, con un aumento da produtividade a longo prazo de case un 1 por cento e unha redución nas marxes comerciais do 2,5 por cento.

Ora ben, a cuestión que cabe plantear é se a simple transposición da Directiva, circunscrita ao seu contido literal, será suficiente para abordar e solucionar os problemas de fondo que existen en numerosas áreas da actividade de servizos, sobre todo en relación á competencia efectiva entre os participantes neses mercados. Por exemplo, no comercio ao por menor, a regulación instrumentada a través da chamada “segunda licenza” e o seu uso claramente restritivo, levou á creación, en certas zonas xeográficas, de auténticos monopolios comerciais e á xeración de condicións propicias para que as grandes firmas comercializadoras podan desenvolver prácticas colusivas de modo tácito ou expreso.

Unha das consecuencias mais claras e relevantes desas prácticas para os consumidores é ter que soportar prezos excesivamente elevados pola compra de produtos de consumo diario, que constitúen unha necesidade

básica de todas as familias. Asistimos estes días a unha guerra de prezos entre as grandes distribuidoras que é, precisamente, unha das manifestacións mais diáfanas da existencia previa dunha paz total, silenciosamente reveladora, no tocante ás condicións de competencia e de que, ata agora polo menos, existían marxes comerciais excesivamente elevados.

A natureza tácita ou simplemente sobreentendida de moitas desas practicas restritivas da competencia fai que resulte especialmente difícil a súa detección e, sobre todo, que podan probarse de modo claro ante os tribunais. Por iso, o labor mais efectivo para loitar contra elas é tratar de previr a súa aparición mediante o establecemento de condicións nos mercados que impidan ou, cando menos, non favorezan ese tipo de condutas prexudiciais.

O Goberno plantea a transposición da Directiva como unha grande oportunidade para modernizar o conxunto de normas que regula o acceso e o exercicio da actividade de servizos en España, no que as Comunidades Autónomas tamén teñen moito que dicir. Pero esa modificación normativa e procedimental debe ir mais alá e atinxir tamén aspectos básicos da estrutura competitiva dos mercados. Dese xeito será verdadeiramente posible acadar os resultados macroeconómicos estimados, conseguir unha maior satisfacción dos consumidores e lograr no futuro un mellor aliñamento da nosa inflación co resto da Unión Europea.